



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

INFORME PROPOSTA E RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA

ASUNTO.- Creación do selo electrónico TESOURERIA do CONCELLO DE VIGO -NIF P3605700H.-

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local (LRBRL).
- Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo (BOP de Pontevedra núm 195 de data 8 de data 21 de outubro de 2021).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle coas adaptacións necesarias, as normas de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, no relativo ao funcionamento electrónico do sector público.

O artigo 88.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que *"a resolución do procedemento ditarase electronicamente e garantirá a identidade do órgano competente, así como a autenticidade e integridade do documento que se formalice mediante o emprego dalgún dos instrumentos previstos nesta Lei"*.

O artigo 40 regula os sistemas de identificación das Administracións públicas, indicando que poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

Así mesmo o artigo 42 determina *" No exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración pública poderá determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 1 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

a) Selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

(...)”

A incorporación das novas tecnoloxías da información á actividade administrativa posibilita a denominada actuación administrativa automatizada, definida no artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público.

En numerosos supostos, a actuación administrativa automatizada supón unha clara mellora do servizo prestado aos cidadáns, axilizando a xestión dos expedientes administrativos e garantindo a dispoñibilidade dos servizos electrónicos, permitindo ofrecer unha resposta administrativa inmediata que permite atender mellor as súas necesidades. Corresponde a cada administración determinar os supostos e trámites en que o selo de órgano pode ser aplicado, aínda que esta determinación non se pode realizar de maneira indiscriminada, senón baixo unha adecuada valoración dos supostos que se poden realizar baixo unha actuación administrativa automatizada, de acordo con o principio de proporcionalidade e sen que se produza unha mingua de garantías da persoa administrada.

SEGUNDO.- O artigo 19 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos , establece que as Administracións Públicas poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos. A relación de selos electrónicos utilizados por cada Administración Pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos, publicándose na sede electrónica.

Ademais, cada Administración Pública adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos. Na resolución de creación do selo electrónico deberá constar:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 2 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

- a) O órgano que será o responsable da súa utilización.
- b) Características técnicas xerais do sistema de firma e certificado aplicable.
- c) Servizo de validación para a verificación do certificado.
- d) Actuacións e procedementos nos que poderá ser utilizado.

E engade no seu artigo 20, que entre os sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa automatizada poderase utilizar o Selo electrónico de Administración Pública.

TERCEIRO.- O artigo 17.2 da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo determina que o servizo xestor responsable de cada procedemento administrativo e o Servizo de Administración Electrónica establecerán a definición das especificacións procedentes e a responsabilidade que puidera derivarse para os efectos de impugnación destas actuacións automatizadas, así como programación, o mantemento, a supervisión e a auditoría das actuacións, dos algoritmos e do código fonte. Así mesmo determina que o Concello de Vigo promoverá a actuación administrativa automatizada cando os procedementos e trámites poidan realizarse a través dun programa coa capacidade de integrar os criterios de análise e decisión. Para acadar este obxectivo estarase ao disposto na valerase das novas ferramentas electrónicas disruptivas para o impulso da administración electrónica e mellora na eficiencia e eficacia dos recursos públicos, de modo que se se execute o maior número posible de trámites e procedementos de forma desatendida, sen intervención humana directa.

CUARTO.- O artigo 88.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dispón que a resolución do procedemento se ditará electronicamente e garantirá a identidade do órgano competente, así como a autenticidade e integridade do documento que se formalice mediante o emprego dalgún dos instrumentos previstos nesa Lei.

O Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece no seu artigo 13 *"no ámbito das Entidades Locais, en caso de actuación administrativa automatizada estarase ao disposto na disposición adicional oitava do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional"*. A citada disposición adicional dispón que aos efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios regulados no presente real decreto, os postos a eles reservados terán a consideración de órganos, sen prexuízo do disposto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 3 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

O posto de tesoureiro ten carácter necesario nos municipios de gran poboación.

O art. 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece expresamente que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, entre outras as de tesourería e recadación.

O artigo 5 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece as funcións de tesourería e recadación nos seguinte termos:

1. A función de tesourería comprende:

a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local.

b) A xestión e custodia dos fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co disposto nas disposicións legais vixentes e, en particular:

1. A formación de plans, calendarios e orzamentos de Tesourería, distribuíndo no tempo as dispoñibilidades monetarias da Entidade para o cumprimento oportuno das súas obrigas, tendo en conta as prioridades legalmente establecidas, de acordo cos acordos adoptados pola Corporación, que incluír información relativa á previsión de pagamento a provedores para garantir o cumprimento do prazo máximo establecido pola normativa sobre morosidade.

2. A organización da custodia de fondos, valores e efectos, segundo as directrices sinaladas pola Presidencia.

3. A realización dos cobros e pagamentos de acordo co establecido na normativa vixente, no Plan de Disposición de Fondos e nas directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando xunto co ordenador de pagamentos e o controlador os pagamentos materiais con cargo ás contas bancarias correspondentes.

4. A subscrición dos rexistros contables.

c) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativos ao cumprimento dos prazos legalmente establecidos para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local.

d) A dirección dos servizos de xestión financeira da Entidade Local e a proposta de concertación ou modificación das operacións de endebedamento e a súa xestión segundo as directrices dos órganos competentes da Corporación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 4 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

e) A elaboración e acreditación do prazo medio de pagamento a provedores da Entidade Local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación en materia de transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, gasto público e morosidade, deberán ser subministrados a outras administracións ou publicados na páxina web da Entidade ou noutros medios, sempre que se refiran a funcións de tesourería.

2. A función de xestión e recadación comprende:

a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.

b) A promoción e dirección dos procedementos de xestión e recadación.

c) A autorización das follas de cargo de valores entregadas a recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.

d) Ditar a orde de execución nos expedientes administrativos desta natureza e, en todo caso, resolver os recursos contra ela e autorizar a poxa dos bens embargados.

e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadatoria.

QUINTO.- A resolución do acordo correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023 en materia da dirección e coordinación dos órganos directivos do Concello e en materia de administración electrónica.

Polo exposto, formúlase a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Crear o Selo electrónico de TESOURERIA do CONCELLO DE VIGO -NIF P3605700H.- coas seguintes características

Denominación do selo: TESOURERÍA do CONCELLO DE VIGO

Órgano titular do Selo: TESOURERIA

NIF da Administración á que pertence o órgano titular do Selo: P3605700H

Órganos responsables en relación con la actuación administrativa automatizada son:

- a) A Tesourería como órgano titular das funcións de tesourería e recadación, serán responsables da definición funcional desde o punto de vista do procedemento, así como, nese mesmo sentido, da supervisión e control do funcionamento da actuación administrativa automatizada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 5 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

- b) A tesouraría como órgano titular das funcións de tesourería e recadación, serán responsables a efectos de impugnación.
- c) O Servizo de Administración Electrónica será responsable da definición das especificacións de deseño informático, programación, mantemento e supervisión, control de calidade e auditoría do sistema de información e do código fonte.

Características técnicas

O selo electrónico cumprirá os requisitos esixidos pola lexislación vixente de firma electrónica e será conforme aos criterios e características técnicas establecidas no Esquema Nacional de Seguridade e no Esquema Nacional de Interoperabilidade. Estará baseado nun certificado electrónico cualificado, conforme ao disposto no regulamento europeo eIDAS, emitido por un provedor de certificación inscrito na relación oficial de [Prestadores de servizos electrónicos de confianza](#) do ministerio que ostente esa competencia (actualmente o Ministerio para a Transformación Dixital), admitido pola plataforma @firma e válido para a actividade administrativa automatizada segundo o establecido na lexislación vixente.

O servizo de validación para a verificación do certificado de selo electrónico será o ofrecido pola plataforma da Administración Xeral do Estado, [VALIDE](#) (Aplicación de Validación de firma e certificados Online e demostrador de servizos de @firma).

Utilización como sistema de firma electrónica para a identificación e autenticación nas actuacións administrativas automatizadas:

- Recibos das nóminas do persoal municipal.
- Certificados de retencións do IRPF.
- Certificados relativos á recadación de tributos.
- Operacións contables de depósito e cancelación de garantías.

SEGUNDO.- Publicar esta Resolución na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra esta resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 6 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Tesourería

29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O tesoureiro, Luis García Álvarez

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, Antonio Villanueva Guimeráns

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodríguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/09/2025 13:11	Páxina 7 de 7
28067-541	CSV: A4A381-8A3E5H-BHEFD1-GCBRL2-15PDVF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		